

1 ciclo formativo de grao medio de equipos electrónicos de consumo (2 unidades, 30 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de información e comercialización turísticas (1 unidade para 30 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de administración de sistemas informáticos (2 unidades, 30 alumnos/unidade).

## **CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL**

*Orde do 9 de xullo de 2003 pola que se convocan cursos de formación en lingua galega (niveis de iniciación e perfeccionamento), e de linguaxe xurídica galega (niveis básico, medio e superior) para o persoal ó servizo da Administración de xustiza.*

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ó abeiro do disposto na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma. En consecuencia con isto, recoñéceselles ós cidadáns o dereito de usalo, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración de xustiza. Ademais, para facer efectivo ese dereito, encomenda ós poderes públicos autonómicos que vaian capacitando progresivamente no uso do galego o persoal que traballa ó servizo da Administración de xustiza.

Entre as funcións e competencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, determinadas polo Decreto 346/1996, figura a promoción e o ensino da lingua galega, concretados, ademais de noutros campos, na coordinación de cursos de formación en lingua galega, dirixidos, entre outros colectivos, ós funcionarios da Administración de xustiza.

A Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, co obxecto de impulsa-la normalización lingüística na Administración de xustiza, considera conveniente a organización de cursos de formación en lingua galega e de linguaxe xurídica galega, dirixidos ó persoal ó servizo da Administración de xustiza, organizados conxuntamente coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Por todo isto,

### **DISPOÑO:**

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Co obxecto de impulsa-la normalización lingüística na Administración de xustiza, e en cola-

boración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, convócanse os seguintes cursos:

a) Cursos de formación en lingua galega, niveis iniciación e perfeccionamento.

b) Cursos de linguaxe xurídica galega, niveis básico, medio e superior.

2. Para acceder a estes cursos son requisitos necesarios, na data de publicación desta orde, os seguintes:

\* Curso de formación, nivel de perfeccionamento, é indispensable ter aprobado ou validado o curso de formación nivel de iniciación.

\* Curso de linguaxe xurídica de nivel básico, é indispensable ter aprobado ou validado o curso de formación, nivel de iniciación.

\* Curso de linguaxe xurídica de nivel medio, é indispensable ter aprobados ou validados os cursos de formación, niveis de iniciación e perfeccionamento, ou ter superado o curso de linguaxe xurídica, nivel básico.

\* Curso de linguaxe xurídica superior, é indispensable ter aprobado ou validado o curso de linguaxe xurídica, nivel medio.

3. Os cursos de formación, niveis de iniciación e perfeccionamento, e os de linguaxe xurídica, niveis básico, medio e superior celebraranse, se é o caso, nas localidades que determine a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, segundo as solicitudes presentadas e a súa distribución xeográfica.

No anexo da presente orde deberase sinalar, por orde de prioridade, a localidade de preferencia para realizar estes cursos. No caso de que non se forme grupo na localidade elixida, adxudicarase a/as seguinte/s na orde de preferencia.

As localidades para elixir serán as seguintes: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Artigo 2º.-Destinatarios.

Os cursos van dirixidos a xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais, médicos forenses, oficiais, auxiliares, axentes xudiciais e persoal laboral con destino nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia; así como avogados, procuradores e alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Galicia, e persoas incluídas nas bolsas de traballo para nomeamento de oficiais, auxiliares e axentes interinos da Administración de xustiza.

O número mínimo de persoas para a celebración dun curso será de 15 e o máximo de 25.

Artigo 3º.-Solicitudes.

As solicitudes, utilizando o modelo que figura como anexo a esta orde, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, nas súas delegacións provinciais, ou por cal-

quera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Sen prexuízo do disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xunto co formulario de solicitude acompañarase fotocopia compulsada do certificado que acredite ter superado o curso esixido para acceder ó nivel que se solicita. E, de se-lo caso, certificado de estar colexiado como avogado ou procurador ou de estar matriculado nunha escola de práctica xurídica.

Respecto das persoas incluídas nas bolsas de traballo para postos de oficiais, auxiliares e axentes de Administración de xustiza que non estean actualmente a traballar como interinos, corresponderá ó xefe de servizo de Xerencia de Xustiza certificar que se atopan incluídas na bolsa correspondente.

A relación provisional de admitidos exporase ó público nas delegacións provinciais da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local. Contra esta relación poderán presentar reclamación ante a Dirección Xeral de Xustiza nun prazo de dez días. Transcorrido este prazo, faranse públicas as listas definitivas nas devanditas delegacións, con indicación do lugar, o día e a hora de comezo do curso.

#### Artigo 4º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro día 31 de xullo.

Non se admitirá ningunha solicitude presentada fóra de prazo.

#### Artigo 5º.-Criterios de selección.

No caso de que o número de solicitudes exceda do de prazas, respecto ós cursos de linguaxe xurídica galega, terán preferencia na selección os funcionarios sobre o resto dos destinatarios, os funcionarios titulares sobre os interinos e dentro dos funcionarios os de maior tempo de prestación de servizos respecto ós de menor antigüidade.

#### Artigo 6º.-Contido.

1. Os cursos de formación, niveis de iniciación e perfeccionamento terán unha duración de 75 horas e neles impartiranse os contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e perfeccionamento.

2. Os cursos de linguaxe xurídica de nivel básico e medio terán unha duración de 75 horas e os contidos serán os programados para estes niveis.

3. Os cursos de linguaxe xurídica superior terán unha duración de 90 horas (70 teóricas e 20 prácticas). O programa será o que figura no anexo II da Orde do 23 de xuño de 1997, pola que se convocan cursos superiores de linguaxe xurídica. Na fase práctica os seleccionados terán que realizar unha serie

de traballos relacionados coa función que desempeñen na Administración de xustiza.

4. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia, sempre xustificada, de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.

5. Os cursos realizaranse en xornadas de tarde.

#### Artigo 7º

1. Para ser declarado apto ó finaliza-lo curso, cada asistente deberá acreditar:

1.1. Que asistiu ás clases e non superou o mínimo de ausencias permitido.

1.2. Que realizou satisfactoriamente os traballos prácticos encomendados.

1.3. Que superou as probas que durante o curso e ó finalizar este o profesor ou profesores foran establecendo, de xeito que ó seu remate demostre que posúe un dominio teórico e práctico do idioma galego propio do nivel o que asistiu.

2. A avaliación será un proceso progresivo e continuo, e terá en conta, entre outros elementos, o dominio da materia, o traballo diario na aula, os traballos teóricos e prácticos encomendados, e a asistencia.

#### Artigo 8º.-Recursos.

Contra os actos administrativos que se derivan da presente orde, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes ante o conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, de acordo co establecido no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

#### Artigo 9º.-Financiamento.

O financiamento destes cursos será con cargo á partida orzamentaria 13.02.353E.640.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2003, ata un importe máximo de 90.152,00 euros, sen prexuízo da imputación a esa mesma partida dos gastos que correspondan por cursos homólogos organizados e convocados no mesmo exercicio, para persoal destinado en órganos da Administración de xustiza con sede fóra da comunidade autónoma.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xustiza para dicta-las instrucións que conveñan ó desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo 2003.

Jesús Carlos Palmou Lorenzo  
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

ANEXO



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
 INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROCEDEMENTO <b>CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA E DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA PARA O PERSOAL Ó SERVICIO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>XI102A XI102B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	--	--------------------------------

**I.- DATOS DO/A SOLICITANTE**

APELIDOS		NOME		DNI	
CORPO		DATA DE INGRESO NO CORPO		ÓRGANO XUDICIAL NO QUE ESTÁ DESTINADO	
LOCALIDADE		PROVINCIA		ENDEREZO	
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA	
ENDEREZO PARTICULAR		PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	
				TELÉFONO	
				TELÉFONO	

**II.- CURSO SOLICITADO**

ORDE DE CONVOCATORIA	Nº DOG	DATA PUBLICACIÓN
LINGUA GALEGA <input type="checkbox"/> INICIACIÓN <input type="checkbox"/> PERFECCIONAMENTO	LINGUAXE XURÍDICA GALEGA <input type="checkbox"/> BÁSICO <input type="checkbox"/> MEDIO	<input type="checkbox"/> LINGUAXE XURÍDICA SUPERIOR
Indicar, por orde de preferencia, as localidades onde desexa realiza-lo curso solicitado: _____		

(1) A Coruña, (2) Ferrol, (3) Santiago de Compostela, (4) Lugo, (5) Ourense, (6) Pontevedra, (7) Vigo

**III.- CERTIFICACIÓN**

Don/Dona _____	certifica que a categoría profesional do solicitante é a que figura no punto primeiro deste anexo.
O xefe de persoal	
Asdo.: _____	

**IV.- SELECCIÓN**

Vista a solicitude presentada polo interesado, a Dirección Xeral de Xustiza resolveu:
<input type="checkbox"/> selecciona-lo interesado para asistir ó curso sinalado.
<input type="checkbox"/> non selecciona-lo
Sinatura e selo do órgano seleccionador
_____, de _____ de 200__ Asdo.: _____

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 9 de xullo de 2003 pola que se convocan cursos de formación en lingua galega (niveis de iniciación e perfeccionamento), e de linguaxe xurídica galega (niveis básico, medio e superior) para o persoal ó servizo da Administración de xustiza.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE  _____, de _____ de 200__

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 8 de abril de 2003, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do texto do convenio colectivo para o sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Ourense para o ano 2003.*

Visto o texto do convenio colectivo para o sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Ourense para o ano 2003 (código convenio nº 3200225), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 4 de abril de 2003, subscrito con data 26 de marzo de 2003, pola *Asociación Provincial de Empresarios de Limpezas de Edificios e Locais* de Ourense, en representación da parte empresarial, e polas centrais sindicais: *Converxencia Intersindical Galega (CIG)* e *Comisións Obreiras (CC.OO.)*, en representación dos traballadores do sector.

Esta delegación provincial de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e demais normas aplicables de dereito común,

### ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 8 de abril de 2003.

José Lage Lage  
Delegado provincial de Ourense

Convenio colectivo de limpeza de edificios e locais de Ourense para o ano 2003

Artigo 1º.-Ámbito territorial, funcional e persoal.

No seu ámbito territorial, funcional e persoal, o presente convenio colectivo afectaralles ás empresas establecidas ou que se poidan establecer en Ourense e na súa provincia, xa sexan naturais ou xurídicas, que se dediquen á actividade de limpeza de edificios e locais.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Están incluídos, no ámbito de aplicación deste convenio, tódolos traballadores e traballadoras dependentes destas empresas, así como aquelas persoas que, de acordo coa ordenanza vixente, poidan saír do seu ámbito.

Artigo 3º.-Vixencia e duración.

O presente convenio comezará a rexer, para tódolos efectos, a partir do 1 de xaneiro de 2003; rematando o 31 de decembro de 2003 e manterá a súa vixencia mentres non sexa substituído por outro convenio entre as partes, se ben, o presente convenio comezará a súa negociación no mes de novembro do devandito ano, data na que se constituirá a comisión negociadora. En calquera caso, o seu articulado quedará vixente ata a substitución por outro convenio.

O presente convenio prorrogarase, tacitamente, de ano en ano, se calquera das partes non o denuncia con 3 meses de antelación ó remate da súa vixencia. A fórmula de denuncia será por medio de comunicación da parte denunciante á outra parte, na que se expresará o desexo de denunciar e negociar un novo convenio.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

Tódalas condicións económicas de calquera índole contidas neste convenio teñen o carácter de mínimas, polo que os pactos, cláusulas e situacións máis beneficiosas deste convenio subsistirán para aqueles que as viñan gozando, pero sen que poida interpretarse que sobre as chamadas condicións máis beneficiosas tivese que computarse o melloramento económico que supón este convenio.

Artigo 5º.-Antigüidade.

Os traballadores fixos comprendidos no ámbito de aplicación deste convenio gozarán, como complemento persoal de antigüidade, dun aumento periódico por cada 3 anos de servicios prestados na mesma empresa ou centro de traballo, na contía do 5% do salario base por cada trienio.

Artigo 6º.-Pagas extraordinarias.

O persoal comprendido neste convenio percibirá 3 pagas extraordinarias, unha en xullo, outra en decembro e outra de beneficios, pagadoira no mes de marzo, na contía, cada unha delas, de 30 días de salario base máis antigüidade. O cálculo das mencionadas pagas efectuarase por sextas partes ou doceavas partes, segundo o teña determinado cada empresa.

O período de IT en calquera das súas modalidades non influirá no importe daquelas, que se cobrarán íntegras, con independencia do tempo no que o traballador estea de baixa.

Artigo 7º.-Gratificación de transporte.

En compensación dos gastos de transporte, xurdidos polo presente convenio, terán dereito a 0,60 euros por cada día efectivo de traballo. A partir de 1999, esta gratificación incrementarase na mesma